



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 30/07/2019

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes concluídos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo 30 de Xullo ás 20:30h en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

SEGUNDO. Establecer a seguinte **ORDE DO DÍA** para a devandita sesión:

1. Aprobación do borrador da acta da sesión de data 15/06/2019.
2. Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.
3. Aprobación inicial da modificación orzamentaria núm. 23/2019, suplemento de crédito/credito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial núm.1/2019-Pleno.
4. Moción do grupo BNG sobre o parque do Pasatempo.
5. Moción do grupo BNG sobre os vertidos da rede municipal de saneamento.
6. Moción do grupo PP para a creación novamente da comisión de seguimento e investigación sobre a situación do complexo San Roque.
7. Moción do grupo PP para que o Concello se sume ao selo "Concellos emprendedores".
8. Rogos e preguntas.

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 04/10/2018)
(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

Rafael J. del Barrio Berbel